

O Alg-a Lab acolle a Feira Imaxinaria Contemporánea 2012.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 20 Agosto 2012 21:41



Colectivos vencellados á ciencia, a cultura e as novas tecnoloxías amosarán na veciña parroquia de Valadares as súas últimas achegas e proxectos na [Feira Imaxinaria Contemporánea](#) 2012. O evento propiciará unha "residencia colectiva" do 23 ao 26 de agosto de creadores e investigadores destes eidos nas instalacións do [Alg-a Laboratorio](#), situado no Camiño da Igrexa, 254. Nas xornadas compartiranse obradoiros e instancias de divulgación de diversos proxectos nun marco de convivencia onde non faltarán anacos para as representacións artísticas e o lecer.

A Feira Imaxinaria Contemporánea 2012 forma parte da [Rede distribuída de Cultura Libre Summer of Labs](#). A actividade

desenvolverase en 6 nodos principais:

[Montes comunais](#)

, [verbenas periféricas](#)

, [laboratorio de "performance"](#)

, [economías alternativas](#)

O Alg-a Lab acolle a Feira Imaxinaria Contemporánea 2012.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 20 Agosto 2012 21:41

'
[exploración de espazos sonoros e xestión sustentable do proxecto Alg-a Lab e tecnoloxía dixital libre](#)
.

A participación é aberta a todo público e para participar nalgúns dos nodos só hai que poñerse en contacto coa organización a través do correo electrónico lab@alg-a.org.